

# Exemplo dun debate e as súas partes

## As viaxes de fin de curso

### Introdución

**Moderador:** Boas tardes a todas e todos, benvidos ao debate de hoxe. Temos dous convidados especiais para discutir un tema moi relevante no noso centro: a viaxe de fin de curso. Dámoslle a benvida a Erea e a Fiz.

Erea, ti estás a favor da viaxe de fin de curso. Podes comezar coa túa argumentación.

### Argumentación

**Erea:** Grazas, moderador. Creo que a viaxe de fin de curso é unha experiencia única e inesquecible para todas as persoas do centro. Vanse relaxar despois dun ano duro.

**Moderador:** Grazas, Erea. Fiz, a túa opinión é contraria a esta viaxe de fin de curso. Cales son os teus argumentos?

**Fiz:** Entendo a túa postura, Erea, pero creo que a viaxe de fin de curso pode ser unha distracción innecesaria para os estudantes. Ademais, non todos os estudantes poden permitirse o luxo de participar nestas viaxes.

**Erea:** Entendo as túas preocupacións, Fiz. Porén, creo que se pode atopar un equilibrio. As viaxes de fin de curso poden ser planificadas de maneira accesible e inclusiva para todos os estudantes.

**Fiz:** Aínda así, creo que deberíamos centrarnos máis en actividades educativas e menos en viaxes de lecer.

**Moderador:** Pasamos a continuación coas preguntas do público.

### Preguntas do público

**1. Pregunta para Erea:** Podes dar algún exemplo de como se podería planificar unha viaxe de fin de curso accesible para todas as persoas?

**Erea:** Pódese ofertar unha viaxe na propia localidade ou próximas e aproveitar os recursos da comunidade.

**2. Pregunta para Fiz:** Poderías explicar máis sobre que tipo de actividades educativas propós en lugar da viaxe de fin de curso?

**Xiz:** Pois poderíamos organizar talleres con profesionais de diferentes campos, así proporcionamos unha oportunidade de que as persoas aprendan de maneira práctica e interactúen con expertos.

### Conclusión

**Moderador:** Grazas a todas as persoas pola participación. Este debate demostra que hai moitas opinións diferentes sobre a viaxe de fin de curso. Calquera das opcións podería ser válida, así que votemos.

